


<b>Catálogo Nacional Monumentos Históricos</b>	
<b>Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	ARTEIXO
<b>Inmueble</b>	Igrexa de Santo Estevo de Morás
<b>Dirección</b>	Lugar do Igrexario, 2. 15690
<b>Coordenadas</b>	43.29902563582435 -8.473183413078772
	
<b>Descripción</b>	<p>Consta de unha soa nave e unha ábsida rectangular abovedada, cos contrafortes unidos en dous arcos semicirculares. O fondo da ábsida ten unha xanela románica, de arcos de medio punto, cegada. A fachada sinxela con saeteiras laterais e portadas ós pés e a ámbolos muros. Coas reformas que se fixeron no século XVIII, desapareceron a fachada e o muro occidental. No interior da nave cubríase de madeira a dúas augas e a ábsida con bóveda de canón apuntada, propia da segunda metade do século XII. No presbiterio éntrase por un arco triunfal apuntado sobre semicolumnas acaroadas.</p> <p>No ano 1791 desplomouse a cuberta da nave arruinando o muro norte e a fachada. A reparación do enorme dano, obrigou a tapiar cunha porta a ábsida que se mantivo intacta, gastando nela tres mil reais por parte dos feligreses e que lle foron deducidos dos diezmos que a freguesía aboáballe á Colexiata da Coruña. Das intervencións que se fixeron, ademais do dito muro e fachada, engadíuselle a espadana e a sancristía. Do periodo románico consérvanse as pezas labradas dos canzoriños e capiteis do interior da ábsida, con temas zoomorfos e cabezas de can baixo as cornixas. As lousas cadradas do chan antigo cubren na actualidade o adro do templo, mentres a portada sur de arco semicircular e a ventana da ábsida, ámbalas románicas, atópanse, como xa dixemos, tapiadas.</p> <p>As medidas desta igrexa son de 11,35 metros de longo que coincide con 35 pés carolínxios, unidade francesa de uso común no románico, e que correspondía co tamaño do pé de Carlomagno (pé de rei), e de 6,5 metros de ancho interior da nave, 20 pés carolínxios. O interior da ábsida as medidas son de 5,7 por 4,45 metros (17,5 x 13,5 pés carolínxios). Os datos coñecidos sobre este templo remóntanse ó ano 1141 na que a viuva do conde Fernando pérez de Traba, Dona Sancha González, retirouse para facer vida monástica ó cenobio de Cambre. A condesa donou ó mosteiro de Cambre, a igrexa e freguesía de Morás, coas súas pertenzas e dereitos, dos que dispoñía por concesión do rei galego Afonso VII. Hai tamén no século XII referencias a esta igrexa denominada “Moralias” que fora consagrada polo arcebispo Xelmírez. O prelado adquirira varias igrexas xa existentes na comarca de Nendos e Faro, para restauralas e consagralas de novo.</p>
<b>Campanas y esquilas</b>	2 campás.

<b>Toques actuales</b>	
<b>Conservación</b>	
<b>Protección</b>	
<b>Propuestas</b>	
<b>Autores del registro</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
<b>Fecha del registro</b>	14-03-2014

## Campanas actuales

Localización	Campana	Fundidor	Año	Diámetro	Peso
Espadana	<a href="#">Campá pequena (1)</a>	<a href="#">OCAMPO, HERMANOS</a>	1964	68	<b>182</b>
Espadana	<a href="#">Campá grande (2)</a>	<a href="#">CAGIGAL PEREDO, JOAQUÍN DE</a>	1819	69	<b>190</b>

Información completa: [Igrexa de Santo Estevo de Morás - ARTEIXO \(GALICIA\)](#)